

A Idade de Ferro. Unha tradición entre Lugo e Asturias

Fotografías de Jose M. Salgado



Toño de Mañán

A cabalo entre dúas provincias, Lugo e Asturias, nas concas dos ríos Eo e Navia, (re)existe unha comunidade vinculada desde tempos remotos á labranza do ferro. Nos concellos galegos de Riotorto, A Pontenova e A Fonsagrada, e nos asturianos dos Oscos, Grandas de Salime e Taramundi, habitan aínda decenas de artesáns do ferro, ferreiros, herdeiros dunha tradición ininterrompida e que segue aínda hoxe viva.

Este fotoensaio de José M. Salgado, realizado entre o 2014 e o 2017, propón unha viaxe simbólica a esas terras e trata de ser un retrato fiel do momento actual dunha comunidade cuxos intereses compartidos lle dan a categoría de homoxénea e coherente, e que permaneceu para moitas persoas galegas e asturianas ignorada.

Museo Etnolóxico.Ribadavia
Rúa de Santiago, 10

Do 4 de agosto de 2018 ao 30 de setembro de 2018

Horario: *Martes a sábados: 10:00 a 16:00 h.*
Domingos, luns e festivos: pechado



Paisaxe da Fonsagrada

José M. Salgado, A Coruña, 1968

Xornalista e fotógrafo, promove distintas actividades relacionadas coa difusión cultural, comisariado de exposicións, edición de libros, etc. Acumula unha ampla experiencia no ámbito da documentación etnográfica, unha vagaxe que constituíu o impulso definitivo para a presente mostra. No eido fotográfico, esta veta documental é unha das ramas que máis cultiva e o define. Na Idade de Ferro. Unha tradición entre Lugo e Asturias preséntase unha escolma de traballos, reunidos nun amplo estudo sobre o asunto que se editará ao longo deste ano en formato libro.



galicia



Colabora:

